



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E O CLUSTER SAÚDE DE GALICIA, PARA A PROMOCIÓN DENTRO DO CLUSTER DE SAÚDE DE GALICIA DO DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DA INNOVACIÓN EN SAÚDE DE EMPRESAS DO SECTOR SAÚDE E DO SECTOR SOCIOSANITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento e Saúde e o Cluster de Saúde de Galicia o instrumento convencional arriba referido con vixencia, dende a data da súa sinatura, ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a regulación das relacións de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través de ACIS, e o CSG, para impulsar a creación dun ecosistema de Innovación sanitaria en Galicia. Ao mesmo tempo, é necesario que o CSG estableza colaboracións internacionais dentro do sector privado, académico e de investigación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se ten previsto asinar fundaméntase no seguinte:

No interese das partes en establecer conxuntamente criterios e condicións para o desenvolvemento dun ecosistema de innovación sanitaria en Galicia, para o que é imprescindible que tanto a Consellería de Sanidade como o CSG leven a cabo unha





serie de accións dentro das súas redes de contactos e competencias para que dito eco sistema acada a excelencia tanto a nivel das institucións públicas como a nivel de institucións de carácter privado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

